



**EXPEDIENTE M6/2019 DE CONCESIÓN DE DOUS
SUPLEMENTOS DE CRÉDITO DO ORZAMENTO DE
2019 (PRORROGADO DE 2018)**

Expediente M6/2019 de concesión de suplementos de crédito e modificación da relación de investimentos 2019 no seu caso, do orzamento de 2019 (prorrogado de 2018)

MEMORIA DA ALCALDIA

I.- Sométese á aprobación da Xunta de Goberno Local, para o seu posterior sometemento ao Pleno da Corporación o presente expediente, que ten por finalidade a realización de gastos específicos e determinados que non poden demorarse ata o exercicio seguinte. É competencia da Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de modificación orzamentaria en virtude do sinalado no artigo 127.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), en relación co artigo 177 do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais. Unha vez aprobado, o proxecto de expediente, M6/2019 de modificación do Orzamento de 2019, prorrogado de 2018, elevarase proposta para a súa aprobación inicial polo Pleno da Corporación.

Na actualidade, a LRBRL, o Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (LRFL) e o Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da LRFL, establecen a normativa á que han de axustarse as Corporacións Locais nos expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

O destino dos suplementos de crédito ten que ver coa obrigaón establecida no artigo 32 da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de Estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, sobre o destino do superávit orzamentario.

O Concello fixo unha consulta o Ministerio sobre a consideración das sentenzas firmes como débeda pública, tendo en conta a firmeza desta sentenza e á vista da eisixibilidade da mesma ao mesmo nivel que as obrigas derivadas da execución dos orzamentos, conforme ao, art. 173.1 do Real decreto lexislativo 2/2004.

Debido á data na que nos atopamos e aos tempos necesarios para a tramitación dun expediente de modificación orzamentaria de competencia plenaria e tendo en conta que o artigo 28.f da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, establece que, constitúe infracción moi grave en materia de xestión orzamentaria [...] o incumprimento da obrigaón do destino do superávit orzamentario á redución do nivel de endebedamento neto nos termos previstos no artigo 32 e a disposición adicional sexta da LOEOSF, faise necesario a tramitación da modificación orzamentaria coa proposta de destinar o superávit á

M6/2019


finalidade de abono das cantidades derivadas da sentenza firme no caso de que o Ministerio informe favorable, e, para o caso de que se informe non sexa favorable ou non se informa no prazo necesario para a súa tramitación, a proposta será destinalo aos fins de amortización de débeda bancaria previstos na lexislación vixente. En conclusión, se o Ministerio informa favorablemente a utilización do superávit para o abono de sentenzas firmes, se suplementará a aplicación 30.151.60005 “adquisición de terreos”. En caso contrario a aplicación que se suplementa é a 20.011.91300 “Amortización de préstamos M-L prazo fora do sector público”.

II.- Por iso, procede aprobar o proxecto de expediente de modificación contida no M6/2019, modificativo do Orzamento de 2019 (prorrogado de 2018), para a súa posterior aprobación polo Pleno Municipal.

Tramítese o expediente con suxeición ao procedemento establecido pola normativa vixente.

A Coruña, 13 de novembro de 2019.

A ALCALDESA,

A handwritten signature in blue ink, consisting of a large, stylized initial 'A' followed by a cursive name, possibly 'Alcalde', enclosed within a large, sweeping blue oval.



EXPEDIENTE M6/2019 DE CONCESIÓN DE DOUS SUPLEMENTOS DE CRÉDITO DENTRO DO ORZAMENTO MUNICIPAL DE 2019 (PORROGADO DE 2018), E MODIFICACIÓN NO SEU CASO, DA RELACIÓN DE INVESTIMENTOS 2019.

Remítese para informe desta Intervención Xeral, o expediente M6/2019 de suplementos de crédito, e, no seu caso, modificación do anexo de investimentos, nos termos expostos na memoria da Alcaldía e informe-proposta da Oficina Orzamentaria que se achega.

A Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, modificada pola Lei 57/2003, de 16 de decembro, de Medidas para a Modernización do Goberno Local (LRBRL), o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), o Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, en materia orzamentaria, así como as Bases de Execución do Orzamento para 2018, prorrogadas para 2019, aprobadas pola Corporación xunto co mesmo, constitúen o réxime legal a que ha de someterse a Corporación para tramitar a modificación de créditos orzamentarios.

En concreto, a Sección 2ª do Capítulo I do Título VI do TRLRFL, titulada "Dos créditos e as súas modificacións", artigo 172 e seguintes, e o seu desenvolvemento no R.D. 500/1990, regulan os expedientes de modificación de créditos, establecendo as normas que disciplinan os casos en que procede a súa tramitación, procedemento e formas de financiamento dos incrementos. No número 2 do artigo 177 e no 37.3 do R.D. 500/1990, esíxese o informe previo do Interventor respecto dos devanditos expedientes. Así mesmo a Base 7ª, apartado F) 2º das aprobadas para a execución do Orzamento de 2018, prorrogadas para 2019, establece o carácter preceptivo pero non vinculante do informe do Interventor nas resolucións que modifiquen créditos orzamentarios.

En cumprimento do preceptuado, o Interventor Xeral que subscribe emite o seguinte

INFORME:

I.- Antecedentes.

O expediente que agora se somete á Corporación supón a concesión de dous suplementos de crédito por importe de 6.239.659,62 €, que se financia íntegramente co Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais restante a día da data.

O expediente aparece nivelado, dado que o importe dos suplementos de crédito equivale aos recursos que se arbitran para o seu financiamento.

I.- ALTAS.

| | |
|--------------------------------|-----------------------|
| Suplementos de crédito | 6.239.659,62 € |
| Total altas de créditos | 6.239.659,62 € |

II.- FINANCIAMENTO DOS INCREMENTOS DE GASTO.

| | |
|---|-----------------------|
| Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais. | 6.239.659,62 € |
| Total financiamento | 6.239.659,62 € |

Polo tanto, o expediente aparece nivelado e equilibrado en termos orzamentarios, dándose cumprimento ao disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 500/1990.

Así mesmo, a salvo das salvedades que a continuación se dirán, en relación aos suplementos de crédito dáse tamén cumprimento ao disposto no artigo 177.4 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, que di en relación co financiamento das modificacións dos créditos citados o seguinte:

"O expediente deberá especificar a concreta partida orzamentaria a incrementar e o medio ou recurso que ha de financiar o aumento que se propón. O devandito aumento financiarase con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos e maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras partidas do orzamento vixente non comprometidos, cuxas dotacións se estimen reducíbeis sen perturbación do respectivo servizo."

II.- Exame do expediente

Un dos suplementos de crédito que se propón, por importe de 6.107.792,26 €, ten unha dobre proposta condicionada a emisión dun informe favorable ou desfavorable (ou non emisión) do Ministerio en canto ó destino do superávit derivado da liquidación orzamentaria do 2018.

Xa dixemos no noso informe ó voto particular presentado a finais do 2018 para a inclusión das Inversións Financieramente Sostibles (IFSs) con cargo ó superávit do 2017 condicionado a que se cumprira o PMP no trámite de audiencia do modificativo, que na nosa opinión, desfavorable, non era posible unha aprobación inicial dual condicionada a un feito futuro. A tales efectos reproducimos os argumentos xa ditos no citado informe.

Por un lado o artigo 37 do Real Decreto 500/1990, que desenvolve a Lei de Facendas Locais en materia orzamentaria, en relación ós expedientes de concesión de créditos extraordinarios e suplementos de crédito, di que:

"2. A la propuesta se habrá de acompañar una Memoria justificativa de la necesidad de la medida que deberá precisar la clase de modificación a realizar, las partidas presupuestarias a las que afecta y los medios o recursos que han de financiarla, debiendo acreditarse:

a) *El carácter específico y determinado del gasto a realizar y la imposibilidad de demorarlo a ejercicios posteriores."*

O artigo 177 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais (TRLRFL), dispón en relación á aprobación dos expedientes de crédito extraordinario e suplemento de crédito que:

"2. El expediente, que habrá de ser previamente informado por la Intervención, se someterá a la aprobación del Pleno de la corporación, con sujeción a los mismos trámites y requisitos que los presupuestos. Serán asimismo, de aplicación, las normas sobre información, reclamación y publicidad de los presupuestos a que se refiere el artículo 169 de esta Ley.

(..)

4. El expediente deberá especificar la concreta partida presupuestaria a incrementar y el medio o recurso que ha de financiar el aumento que se propone"

Complemento do principio de universalidade resulta o de unidade, segundo o cal esixese un so orzamento, e polo tanto tamén unha soa modificación de crédito coa súa fonte de financiamento, que englobe todas as previsións de gastos e ingresos. Así se recolle no Art. 164 do TRLRFL ao establecerse que " las entidades locales elaborarán y aprobarán anualmente un presupuesto general...". Dacordo co principio de claridade, o orzamento debe estruturarse de tal modo que se recoñeza inmediatamente a procedencia e finalidade das diferentes partidas orzamentarias de ingresos e gastos. Confirma a necesaria previsión unitaria o artículo 168 do TRLRHL cando di que *"el acuerdo de aprobación, que será único, habrá de detallar los presupuestos que integran el presupuesto general, no pudiendo aprobarse ninguno de ellos separadamente."* Tamén está o principio de claridade cando o artigo 162 do mesmo TRLRL refírese a *"la expresión cifrada, conjunta y sistemática de las obligaciones"*.

A aprobación de dous modificacións de crédito nun só acto condicionado a eficacia de ámbolos dous a un feito futuro, que é a emisión favorable ou desfavorable dun informe polo Ministerio, na miña opinión, non se axusta a eses principios de universalidade, unidade e claridade xa que se está decidindo simultaneamente a aprobación de dous modificacións de crédito fancedo depender o seu valor xurídico a un feito futuro. Plantexar un acordó dual condicionado a un feito futuro (emisión dun informe do Ministerio) no se axusta a esixencia do *"carácter específico e determinado do gasto a realizar"* (é certo que o gasto pode chegar a ser determinado pero neste momento é indeterminado xa de partida pois está suxeito a unha condición futura como é a emisión dun informe polo Ministerio), así como tampoco responde a unha **"expresión cifrada, conxunta e sistemática"** xa que existen formalmente dous estados de gastos propostos diferentes, como tampouco responde a esixencia da unidade xa que reiteramos que o acordo aprobará ambas dúas propostas.

Por outro lado o acto de aprobación inicial da modificación de crédito de competencia plenaria, na miña opinión, no é un acto de trámite xa que ten vocación da súa inalterabilidade a pesar do seu carácter inicial ou provisional, xa que de conformidade cos artigos 169 do TRLRFL, unha vez aprobado as únicas variacións que poden dar lugar procederían das estimacións das reclamacións se respondesen ós supostos tasados no artigo 170.2 do TRLRFL, pois no caso de non presentarse reclamacións a aprobación definitiva sería automática por forza de lei sen necesidade de que o Pleno se pronuncie expresamente (artículo 169.1 del TRLRHL y 20.1 del Real Decreto 500/1990). Esto supón que o Pleno estaría a aprobar dous actos sen valor xurídico ata que se coñeza ou descoñeza o informe do Ministerio, de tal xeito que se estaría expoñendo ó público un acordó sen valor xurídico actual o polo menos certo.

Incluso podería decirse que resulta dubidoso afirmar que exista financiación suficiente e bastante para cumprir o equilibrio orzamentario, xa que a financiación (RLTGX) é única para ambas hipótesis, e neste sentido o artigo 16 do Real Decreto 500/1990 di que *"ninguno de los Presupuestos podrá presentar déficit a lo largo del ejercicio; en consecuencia todo incremento en los créditos presupuestarios o decremento en las provisiones de ingresos deberá ser compensado en el mismo acto en que se acuerde."* De aprobarse o acordo dual tal e como proponse estaríase aprobando unha dobre modificación de crédito sen o suficiente financiamento. É certo que se condiciona en todo caso ó informe do Ministerio, pero esta posibilidade de condicionar un acto tan cualificado, en canto ao seu contido e precisión económica, como o é o dunha modificación de crédito, é algo que no contempla a Lei de Facendas Locais. É unha innovación nas posibilidades legais que se limitan a presentación de reclamacións en supostos tasados na mesma Lei de

Facendas Locais. E non estamos falando dun só acto condicionado a un feito futuro se non de dous actos ou acordos cuxo valor xurídico, como xa dixemos, non se coñecerá ata a emisión do informe do Ministerio ou “*non se emita no prazo necesario para que poida entrar en vigor dentro do exercicio*” (esta previsión do informe proposta non resolve, na miña opinión, que sucedería no caso de que o informe do Ministerio emitase xa transcurrido o prazo de alegacións sen presentación das mesmas, que segundo a Lei de Facendas Locais se entendería aprobado definitivamente por forza de lei, entrando en vigor coa publicación no BOP –art. 169.5 TRLRHL) . De feito os posibles reclamantes deberán plantexar súas reclamacións-alegacións a ambas dúas modificacións que aínda non teñen valor xurídico xa que no sabrán se se cumpre ou non o condicionante, e descoñecendo no momento de plantexar a reclamación cal pode ser a que finalmente acabe aprobándose.

Todo o dito anteriormete cobra especialmente importancia neste caso xa que recordamos que o artigo 32 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira dispón que:

*“ 1.-No caso de que a liquidación presupuestaria sitúese en **superávit**, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas, e **Corporacións Locais**, a reducir o nivel de endeudamiento neto sempre co límite do volume de endeudamiento si este fose inferior ao importe do superávit a destinar á redución de débeda.”*

A regra xeral é que o superávit destínase a reducir o nivel de endebedamento neto.

Incluso é de recordar que o artigo 135 da Constitución Española , na súa redacción dada no ano 2011, dispón que “*Los créditos para satisfacer los intereses y el capital de la deuda pública de las Administraciones se entenderán siempre incluidos en el estado de gastos de sus presupuestos y su pago gozará de prioridad absoluta*”, e en desenvolvemento do anterior o artigo 14 da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financiera di que “*El pago de los intereses y el capital de la deuda pública de las Administraciones Públicas gozará de prioridad absoluta frente a cualquier otro gasto*”. Existe un mandato constitucional e legal de prioridade absoluta no pago do endebedamento en relación a cualquier outro gasto por moi lexítimo e de interés público de que se trate.

Abundando máis na importancia que o lexislador da ó destino do superávit á amortización da débeda financeira, é necesario traer a colación o artigo 28, denominado infraccións en materia de xestión económico-presupuestaria, da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno que dispón que:

“Constitúen infraccións moi graves as seguintes condutas cando sexan culpables.

(..)

f) O incumplimento da obrigación de destinar íntegramente os ingresos obtidos por encima dos previstos no orzamento á redución do nivel de débeda pública de conformidade co previsto no artigo 12.5 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira e o incumplimento da obrigación do destino do superávit presupuestario á redución do nivel de endeudamiento neto nos términos previstos no artigo 32 e a disposición adicional sexta da citada Lei.”

Por outra banda ó marxe do xa dito en relación a nosa disconformidade coa aprobación dual condicionada, vémonos na obriga de explicar ás razóns polas que o que suscribe considera porque na nosa opinión, sempre suxeita a máis autorizada do órgano de tutela financeira do Estado (e a tales efectos dícese que se solicitou o informe ó Ministerio), non é posible neste momento destinar o superávit ó pago das Sentencias por diferencias de xustiprecio expropiatorio.

A Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012 de Estabilidade Presupuestaria e Sostenibilidade Financeira, que se preveu inicialmente só para o exercicio 2014, establece a excepción á regra xeral de destinar o superávit á amortización da débeda financeira, previndo no seu apartado 5 que a partir do 2014 as Leis de Orzamentos Xerais do Estado *"podrá habilitar, atendendo a la coyuntura económica, la prórroga del plazo de aplicación previsto en este artículo"*.

O Real Decreto-ley 10/2019, de 29 de marzo, prorroga para 2019 o destino del superávit das entidades locais. Dispón o artigo 2 deste Real Decreto lei que:

"Artículo 2. Destino del superávit de las entidades locales correspondiente a 2018.

En relación con el destino del superávit presupuestario de las entidades locales correspondiente al año 2018 se prorroga para 2019 la aplicación de las reglas contenidas en la disposición adicional sexta de la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera, para lo que se deberá tener en cuenta la disposición adicional decimosexta del texto refundido de la Ley Reguladora de las Haciendas Locales, aprobado por el Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo."

A Disposición Adicional Sexta da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria di, en relación ó que aquí nos interesa, que:

"Disposición adicional sexta. Reglas especiales para el destino del superávit presupuestario.

1. Será de aplicación lo dispuesto en los apartados siguientes de esta disposición adicional a las Corporaciones Locales en las que concurren estas dos circunstancias:

a) Cumplan o no superen los límites que fije la legislación reguladora de las Haciendas Locales en materia de autorización de operaciones de endeudamiento.

b) Que presenten en el ejercicio anterior simultáneamente superávit en términos de contabilidad nacional y remanente de tesorería positivo para gastos generales, una vez descontado el efecto de las medidas especiales de financiación que se instrumenten en el marco de la disposición adicional primera de esta Ley.

2. En el año 2014, a los efectos de la aplicación del artículo 32, relativo al destino del superávit presupuestario, se tendrá en cuenta lo siguiente:

a) Las Corporaciones Locales deberán destinar, en primer lugar, el superávit en contabilidad nacional o, si fuera menor, el remanente de tesorería para gastos generales a atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta de «Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto», o equivalentes en los términos establecidos en la normativa contable y presupuestaria que resulta de aplicación, y a cancelar, con posterioridad, el resto de obligaciones pendientes de pago con proveedores, contabilizadas y aplicadas a cierre del ejercicio anterior."

Cúmpanse os límites de endebedamento e da liquidación do 2018 derivase simultaneamente superávit e Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais polo que cúmpanse os primeiros requisitos que fixa a DA 6ª da Lei Orgánica de estabilidade orzamentaria antes reproducida. Pero en canto ó destino para a súa aplicación **“para atender las obligaciones pendientes de aplicar a presupuesto contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior en la cuenta de «Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto»”** na nosa opinión, neste momento, non se cumpre se o destino é o pago de Sentenzas por diferencias de xustiprecio expropiatorio.

É non consideramos que se de o suposto previsto na norma polas seguintes razóns:

1. A Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de **control da deuda comercial no sector público**, que introduce a citada DA 6ª na Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria do 2012, dí que *“el concepto del principio de sostenibilidad financiera que ahora también incluye el control de la deuda comercial lo que evita poner en riesgo en el medio plazo la estabilidad presupuestaria y la sostenibilidad de las finanzas públicas”*; e neste sentido é de destacar que o inciso **“de pago con proveedores”** introducido, por unha enmenda do Grupo PP no Senado na tramitación da Lei Orgánica 9/2013, na DA 6ª 2.a) tantas veces citadas é significativo en canto a que só parece referirse ás débedas comerciais, ós que o réximen legal do Periodo Medio de Pago (PMP) denomina provedores, pero non a outras débedas non financieras nin comerciais como poden ser as de expropiacións. Polo que o págo da débeda financeira via da man do pago da débeda comercial ós efectos da estabilidade orzamentaria e, por ende, destino do superávit orzamentario, pero non o pago doutro tipo de débedas que non sexan comerciais.
2. Ata o 31 de decembro de 2018 a **conta contable 413** denominada *“Acreedores por operaciones pendientes de aplicar el presupuesto”*, segundo a Orden HAP/1781/2013, de 20 de decembro, pola que se aproba a Instrucción do modelo normal de contabilidade local, establecía que *“recoge las obligaciones derivadas de gastos realizados o bienes y servicios recibidos, para las que no se ha producido su aplicación a presupuesto, siendo procedente la misma”*. Polo que da súa literalidade, na nosa opinión, só incluía as débedas derivadas de gastos dos provedores (comerciais) pero non outro tipo de débedas.
3. En todo caso a 31 de decembro de 2018, que é o que esixe literalmente a DA 6ª da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria cando refírese a *“contabilizadas a 31 de diciembre del ejercicio anterior”*, as débedas das Sentenzas xudiciais non estaban contabilizadas na conta 413 nin tampoco creemos que poideran estar xa que non nos consta que foran firmes a dita data.

Outra cousa é para o exercicio 2020 en canto a posibilidade de utilizar o superávit que poida surxir da Liquidación orzamentaria 2019 para o pago das Sentenzas por diferencias de xustiprecio expropiatorio sempre e cando sigan pendentes a 31 de decembro de 2019 a súa liquidación e pago, o órgano contable as contabilice na 413 e prorrogose, por Lei de Orzamentos Xerais do Estado o Real Decreto Lei, a aplicación da DA 6ª da Lei Orgánica de Estabilidade Orzamentaria ó 2020.

Neste caso temos que indicar que a Orden HAC/1364/2018, de 12 de decembro, que modifica a Orden HAP/1781/2013, muda a partir do 1 de xaneiro de 2019 o réxime e contido da conta 413,

que, segundo o seu preámbulo, "recogerá, con carácter general, las deudas derivadas de gastos económicos no financieros, así como las deudas derivadas de la adquisición o construcción de activos que no nazcan aplazadas", e pasa de denominarse "Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto" a denominarse "Acreedores por operaciones devengadas", polo que xa a partir do 1 de xaneiro de 2019 non responde literalmente a referencia que fai a DA 6ª á "cuenta de «Acreedores por operaciones pendientes de aplicar a presupuesto»".

Segundo a nota informativa 1/2019 da IGAE sobre o funcionamento de "la nueva cuenta 413 Acreedores por operaciones devengadas en los planes de cuentas locales", inclúese a modo de exemplo, nesta conta as "expropiaciones", pero no caso das sentenzas, para a súa contabilización na conta 413, ademáis dos requisitos de verificar a realidade do activo e constancia documental da recepción efectiva do ben, deben ser as resolucións xudiciais firmes adquirindo certeza a cuantía e o vencemento das obrigas recollidas nas correspondentes contas de provisiones. Esta posibilidade de imputar a partir do ano 2019 as sentenzas firmes por expropiacións ou outras na conta 413, deixando ó marxe que esta cuestión é estrictamente contable polo que é de competencia no caso do Concello da Coruña da Tesourería Xeral, podería permitir defender ante o Ministerio, solicitándolle o oportuno informe, a posibilidade de utilizar o hipotético superávit que poida surxir da liquidación do 2019 para o pago das Sentenzas xudiciais por expropiacións, aínda que na miña opinión non respondería a esencia e espírito da Lei Orgánica 9/2013 de deuda comercial, onde só situa a débeda comercial en pe de igualdade coa débeda financeira a ós efectos do destino do superávit orzamentario.

Non entanto, como xa dixemos, calquera que sexa o criterio do Ministerio na aplicación e destino do superávit do 2018 como o que puidera resultar do 2019 será asumido polo que suscribe.

O dito anteriormente tamén da cumprimento ó disposto no artigo 16.2 do Real Decreto 1463/2007, de 2 de novembro, que desenvolve a Lei de Estabilidad Orzamentaria.

III.- Aprobación do expediente pola Corporación.

Segundo o artigo 177 do TRLRFL, a aprobación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos e baixas por anulación, corresponden ao Pleno da Corporación, seguindo os mesmos trámites establecidos para a aprobación do Orzamento; isto é, aprobación inicial, exposición ao público por prazo de quince días, entendéndose definitivamente aprobado se non se presentasen reclamacións nen alegacións no citado prazo, ou no caso de que si se presentasen deberá adoptar o Pleno acordo expreso de aprobación definitiva resolvendo as citadas reclamacións no prazo máximo dun mes, publicándose por capítulos no BOP, data a partir da cal entrará en vigor. Por conseguinte, poderá ser aprobado por maioría simple dos membros da Corporación presentes na sesión (artigo 47 da Lei 7/1985, de Bases de Réxime Local).

Non obstante, a tenor do establecido na Lei 57/2003, de Modernización do Goberno Local, artigo 127.1.b), corresponde á Xunta de Goberno Local a aprobación do proxecto de Orzamento e enténdese, en consecuencia coa lexislación citada, que así mesmo corresponde ao devandito Órgano a aprobación do proxecto do expediente que agora se tramita.

A Coruña, a data da sinatura electrónica.

O INTERVENTOR XERAL.



| | | |
|---|--------------------------|--|
| Área / Unidad OFICIALIA MAYOR OF0000 MIM | Documento 10113I02AW | |
| Código de verificación  1X0Y 0V30 0N36 2J46 04GO | Expediente 36E/2019/9 | |
| | Fecha 22-11-2019 | |

O/A concelleiro/a-secretario/a da Xunta de Goberno Local, de conformidade co artigo 126.4 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, CERTIFICO:

Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria e urxente celebrada o día 22 de novembro de 2019 adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

ECONOMÍA, FACENDA E RÉXIME INTERIOR

Oficina Orzamentaria

Aprobación do proxecto de expediente M6/2019 de concesión de dous suplementos de crédito no Orzamento de 2019 (prorrogado de 2018) e modificación, no seu caso, da Relación de Investimentos 2019

Previa deliberación, de conformidade co informe-proposta que consta no expediente, en canto serve de motivación ao mesmo, de conformidade co artigo 88.6 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas, **por unanimidade**, en votación ordinaria, acórdase:

El/La Concejal/a-Secretario/a de la Junta de Gobierno Local, de conformidad con el artículo 126.4 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, CERTIFICO:

Que la Junta de Gobierno Local en sesión extraordinaria y urgente celebrada el día 22 de noviembre de 2019 adoptó, entre otros, el siguiente acuerdo:

ECONOMÍA, HACIENDA Y RÉGIMEN INTERIOR

Oficina Presupuestaria

Aprobación del proyecto de expediente M6/2019 de concesión de dos suplementos de crédito en el Presupuesto de 2019 (prorrogado de 2018) y modificación, en su caso, de la Relación de Inversiones 2019

Previa deliberación, de conformidad con el informe-proposta que consta en el expediente, en cuanto sirve de motivación al mismo, de conformidad con el artículo 88.6 de la Ley 39/2015, de 1 de octubre, de procedimiento administrativo común de las administraciones públicas, por unanimidad, en votación ordinaria, se acuerda:



1. Aprobar, no caso de que o informe do Ministerio sexa favorable, o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2019 (M6/2019), e o proxecto de modificación da Relación de Inversións do Orzamento de 2019, mediante a concesión dun suplemento de crédito por importe de seis millóns cento sete mil setecentos noventa e dous euros con vinte e seis céntimos (6.107.792,26€) na aplicación 30.151.60005 “adquisición de terreos”. Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M6/2019.1” que se incorpora ao expediente.

2. Aprobar, no caso de que o informe do Ministerio sexa desfavorable ou non se emita no prazo necesario para que poida entrar en vigor dentro do exercicio, o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2019 (M6/2019), mediante a concesión dun suplemento de crédito por importe de seis millóns cento sete mil setecentos noventa e dous euros con vinte e seis céntimos (6.107.792,26€) na aplicación 20.011.91300, “Amortización de préstamos M-L prazo fora do sector público”. Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M6/2019.2” que se incorpora ao expediente

3. Aprobar o proxecto de expediente de modificación do estado de gastos do Orzamento 2019 (M6/2019), mediante a concesión dun suplemento de crédito por importe de cento trinta e

1. Aprobar, en el supuesto de que el informe del Ministerio sea favorable, el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2019 (M6/2019), y el proyecto de modificación de la Relación de Inversiones del Presupuesto de 2019, mediante la concesión de un suplemento de crédito por importe de seis millones ciento siete mil setecientos noventa y dos euros con veintiséis céntimos (6.107.792,26€) en la aplicación 30.151.60005 “adquisición de terrenos”. Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M6/2019.1” que se incorpora al expediente.

2. Aprobar, en el supuesto de que el informe del Ministerio sea desfavorable o no se emita en el plazo necesario para que pueda entrar en vigor dentro del ejercicio, el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2019 (M6/2019), mediante la concesión de un suplemento de crédito por importe de seis millones ciento siete mil setecientos noventa y dos euros con veintiséis céntimos (6.107.792,26€) en la aplicación 20.011.91300, “Amortización de préstamos M-L plazo fuera del sector público”. Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M6/2019.2” que se incorpora al expediente.

3. Aprobar el proyecto de expediente de modificación del estado de gastos del Presupuesto 2019 (M6/2019), mediante la concesión de un suplemento de crédito por importe de ciento treinta



un mil oitocentos sesenta e sete euros con trinta e seis céntimos (131.867,36€), na aplicación na aplicación 20.011.91300, “Amortización de préstamos M-L prazo fora do sector público”. Todo iso reflectido na listaxe denominada “Expediente M6/2019.1” ou “Expediente M6/2019.2” segundo sexa o caso, que se incorpora ao expediente. Corresponde ao proxecto IFS de 2017 que non se vai a executar debido a que se resolve o contrato.

4. Aprobar o proxecto de distribución do financiamento procedente do remanente líquido de Tesourería para Gastos Xerais por importe de seis millóns cento sete mil setecentos noventa e dous euros con vinte e seis céntimos (6.107.792,26€) correspondentes ao superávit e cento trinta e un mil oitocentos sesenta e sete euros con trinta e seis céntimos (131.867,36€) correspondentes ao RLTXG de libre disposición, é dicir co exceso do remanente sobre o superávit. Todo iso reflectido no listado “Expediente M6/2019. Financiamento”.

5. O proxecto de expediente unha vez aprobado, someterase a aprobación inicial polo Pleno municipal por maioría simple dos membros presentes co ditame previo da Comisión informativa de Facenda e Administración.

6. Facultar á Excma. Sra. Alcaldesa para a adopción dos

y un mil ochocientos sesenta y siete euros con treinta y seis céntimos (131.867,36€), en la aplicación en la aplicación 20.011.91300, “Amortización de préstamos M-L plazo fuera del sector público”. Todo ello reflejado en el listado denominado “Expediente M6/2019.1” o “Expediente M6/2019.2” según sea el caso, que se incorpora al expediente. Corresponde al proyecto IFS de 2017 que no se va a ejecutar debido a que se resuelve el contrato.

4. Aprobar el proyecto de distribución de la financiación procedente del remanente líquido de Tesorería para Gastos Generales por importe de seis millones ciento siete mil setecientos noventa y dos euros con veintiséis céntimos (6.107.792,26€) correspondientes al superávit y ciento treinta y un mil ochocientos sesenta y siete euros con treinta y seis céntimos (131.867,36€) correspondientes al RLTXG de libre disposición, es decir con el exceso del remanente sobre el superávit. Todo ello reflejado en el listado “Expediente M6/2019. Financiación”.

5. El proyecto de expediente una vez aprobado, se someterá a aprobación inicial por el Pleno municipal por mayoría simple de los miembros presentes con el dictamen previo de la Comisión informativa de Hacienda y Administración.

6. Facultar a la Excma. Sra. Alcaldesa para la adopción de los



decretos que sexan necesarios para dar efectividade ao acordado.

E para que así conste aos efectos oportunos, expido a presente certificación na Coruña, na data de sinatura electrónica do presente documento, que asina xunto a min o Oficial Maior, Miguel Iglesias Martínez, como funcionario titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local e encargado das funcións de fe pública segundo a disposición adicional 8ª da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, a reserva dos termos definitivos nos que quede redactada a acta.

Confrontado e conforme, o Oficial Maior

O/A Concelleiro/a-secretario/a

decretos que sean necesarios para dar efectividad a lo acordado.

Y para que así conste a los efectos oportunos, expido la presente certificación en A Coruña, en la fecha de firma electrónica del presente documento, que firma junto a mí el Oficial Mayor, Miguel Iglesias Martínez, como funcionario titular del órgano de apoyo a la Junta de Gobierno Local y encargado de las funciones de fe pública según la disposición adicional 8ª de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, a reserva de los términos definitivos en los que quede redactado el acta.

Confrontado y conforme, el Oficial Mayor

El/La Concej/a-secretario/a



Expediente M6/2019 de concesión de dous suplementos de crédito no Orzamento de 2019 (prorrogado de 2018) e modificación, no seu caso, da Relación de Investimentos 2019

Informe proposta

I. A regulación legal das modificacións orzamentarias atópase contida fundamentalmente nos artigos 177 e seguintes do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (en diante, TRLRFL), así como na sección 2ª do capítulo II do Real decreto 500/1990, do 20 de abril (en diante, RD 500/1990). A base 7ª das aprobadas para a execución do Orzamento de 2019 (prorrogadas de 2018) remítese ás normas legais vixentes para a tramitación dos expedientes de concesión de créditos extraordinarios, suplementos de crédito e transferencias de crédito.

De acordo coas normas apuntadas, os créditos extraordinarios e suplementos de crédito son modificacións do orzamento de gastos, mediante os que se asigna ou se incrementa crédito para a realización dun gasto específico e determinado que non pode demorarse ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito, no caso dos créditos extraordinarios, ou é insuficiente o existente, no caso dos suplementos de crédito. O seu financiamento pode realizarse con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre os totais previstos no orzamento corrente, ou mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións, non comprometidos e cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbación do respectivo servizo.

No presente expediente, o financiamento prodúcese con cargo ao remanente líquido de tesourería procedente da liquidación do exercicio de 2018.

O Real decreto-lei 10/2019, do 29 de marzo, polo que se prorroga para 2019 o destino do superávit de comunidades autónomas e das entidades locais para investimentos financeiramente sustentables e adóptanse outras medidas en relación coas funcións do persoal das entidades locais con habilitación de carácter nacional, prorroga no artigo 2, para as entidades locais, para 2019 a aplicación das regras contidas na disposición adicional sexta da Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (LOEOSF), para o que se deberá ter en conta a disposición adicional décimo sexta do texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo.

O art. 32 da LOEOSF, modificado polo art. Primeiro, apartado once da Lei orgánica 9/2013, do 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, dispón:

“1. No caso de que a liquidación orzamentaria se sitúe en superávit, este destinarase, no caso do Estado, Comunidades Autónomas e Corporacións Locais, a reducir o nivel de endebedamento neto sempre co límite do volume de endebedamento se este fose inferior ao importe do superávit para destinar á redución de débeda.

2. No caso da Seguridade Social, o superávit aplicarase prioritariamente ao Fondo de Reserva, coa finalidade de atender ás necesidades futuras do sistema.

3. Para os efectos do previsto neste artigo enténdese por superávit a capacidade de financiamento segundo o sistema europeo de contas e por endebedamento a débeda pública aos efectos do procedemento de déficit excesivo tal e como se define na normativa europea.”

O apartado quince, da Lei orgánica 9/2013, inclúe unha nova disposición adicional sexta regulando o destino do superávit orzamentario ás Corporacións Locais, cando concorran as seguintes circunstancias:

a) Cumpran ou non superen os límites que fixe a lexislación reguladora das Facendas Locais en materia de autorización de operacións de endebedamento.

b) Que presenten no exercicio anterior simultaneamente superávit en termos de contabilidade nacional e remanente de tesourería positivo para gastos xerais, unha vez descontado o efecto das medidas especiais de financiamento que se instrumenten no marco da disposición adicional primeira desta Lei.

A partir da súa promulgación, a propia normativa de estabilidade orzamentaria, tivo unha primeira modificación, mediante a Lei orgánica 9/2013, no sentido de posibilitar o uso de fondos propios resultantes do superávit anual, en determinados supostos, para competencias e servizos calificables como Investimentos Financeiramente sustentables (IFS) que á súa vez foi obxecto dunha recente ampliación a través da Real decreto lei 1/2018, do 23 de marzo, que recolle con maior amplitude os supostos de investimento. Este Real decreto lei introduce unha regulación ampliada do destino do superávit das Entidades Locais, modificando para iso diversos extremos da disposición adicional décimo sexta do texto refundido da LRFL de 2004.



Servizo de Orzamentos e Estudos Económicos
M6/2019
PLENO

No ano 2019 prorrógase a disposición adicional sexta e a aplicación relativa ao destino do superávit orzamentario. As finalidades do mesmo deben ser as seguintes:

1.- Atender as obrigas pendentes de aplicar a orzamento contabilizadas ao 31 de decembro do exercicio anterior na conta de «Acredores por operacións pendentes de aplicar a orzamento», ou equivalentes nos termos establecidos na normativa contable e orzamentaria que resulta de aplicación, e a cancelar, con posterioridade, o resto de obrigas pendentes de pago con provedores, contabilizadas e aplicadas a peche do exercicio anterior.

2.- Unha vez cumprido co parágrafo anterior, se se mantén con signo positivo o Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais (RLTGX) deberase destinar, como mínimo, a porcentaxe deste saldo para amortizar operacións de endebedamento que estean vixentes que sexa necesario para que a Corporación Local non incorra en déficit en termos de contabilidade nacional no devandito exercicio 2019.

3.- Cumprido o previsto nos apartados 1 e 2 se segue existindo un saldo positivo, este poderase destinar a financiar investimentos financeiramente sustentables, de acordo cos requisitos que estableza a lei.

Para aplicar o previsto no parágrafo anterior, ademais será necesario que o período medio de pago aos provedores da Corporación Local, de acordo cos datos publicados, non supere o prazo máximo de pago previsto na normativa sobre morosidade.

